

Ézaro Ediciones publica "Entre Fronteras", de Xavier Alcalá

————— SANTIAGO • Axencias

Ézaro Ediciones publica "Entre Fronteras", a edición en castelán da primeira novela da conocida triloxía Evanxélica Memoria, de Xavier Alcalá. Esta novela forma parte dun proxecto narrativo centrado na historia nunca contada das comunidades evanxélicas en Galicia e narra a historia dunha represión.

Partindo de feitos reais, a novela de Alcalá achéganos á verdade a través da ficción. As consecuencias de vivir cunhas conviccións relixiosas diferentes e as vicisitudes que o contexto histórico impón aos evanxélicos en Galicia constitúen a materia prima da triloxía "Evanxélica memoria" iniciada con "Entre fronteiras" (Editorial Galaxia SA, 2004) e que agora Ézaro Ediciones publica en castelán.